



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-portavoz do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, no Concello de Ribeira, presenta a seguinte **solicitud** diante do **Pleno da Corporación Municipal** en relación **co regreso de Aminatou Haidar ao Sahara Occidental**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Aminatou Haidar, loitadora polos dereitos humanos e a autodeterminación do seu pobo, o Sahara Occidental, segue retida e en folga de fame no aeroporto canario de Lanzarote debido á negativa do goberno de Marrocos, que ocupa ilegalmente o seu país desde 1975, a permitir o seu regreso ao seu domicilio d'El Aaiun, negativa que conta coa colaboración cómplice do goberno español malia infrinxir o Dereito Internacional que establece que ningunha persoa poderá ser privada arbitrariamente do dereito a entrar no seu propio país. Non é a primeira vez que Aminatou Haidar, que xa estivera até 2006 detida no infame cárcere d'El Aaiun, sofre a represión do réxime marroquino.

A dignidade de Aminatou Haidar lémbra-nos a todos e todas a urxencia de procurar unha solución democrática á situación do pobo saharauí, solución que pasa polo exercicio do dereito de autodeterminación tal e como ten recoñecido a comunidade internacional, e a responsabilidade histórica do Estado español como antiga potencia colonial que, en 1975, abandonou o pobo saharauí e permitiu a ocupación do seu territorio. Lémbra-nos tamén que o Estado español debe esixir firmemente do Reino de Marrocos o respecto aos dereitos humanos e da legalidade internacional e, en particular, o fin da ocupación do Sáhara Occidental e da represión sobre os seus habitantes.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG de Ribeira,

SOLICITA:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado unha actuación eficaz para lograr o regreso de Aminatou Haidar ao Sáhara Occidental, esixindo de Marrocos o respecto dos dereitos humanos e da legalidade internacional e, en particular, o fin da ocupación do Sáhara Occidental e da represión sobre os seus habitantes así como a recoñecer oficialmente a República Árabe Saharauí e Democrática e ao Frente Polisario como únicos e lexítimos representantes do pobo saharauí.

Ribeira, 17 de decembro de 2009

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA